

PRIMEIRO EXERCICIO (PROBA) DA FASE DE CONCURSO PARA A PRAZA DE TÉCNICO AMBIENTAL. GRUPO C, SUBGRUPO C1.

Parte Xeral

- 1. A actual Constitución Española consta de:**
 - a. 189 artigos, dez títulos e 6 disposicións adicionais.
 - b. Preámbulo, 169 artigos e 8 disposicións transitorias.
 - c. Preámbulo, once títulos, 169 artigos, 4 disposicións adicionais e 9 transitorias.
 - d. Ningunha é correcta
- 2. Os principios xerais da actual Constitución Española, están definidos en:**
 - a. Título 1
 - b. Artigos 1 e 2
 - c. Título preliminar
 - d. Capítulo I
- 3. Cal dos seguintes é un principio fundamental da actual constitución?:**
 - a. A constitución se fundamenta na indisoluble unidade da nación española.
 - b. A soberanía nacional reside no Estado.
 - c. O estado ten como forma política a monarquía constitucional.
 - d. Todas son correctas.
- 4. Segundo a actual Constitución Española, o fundamento da orde política e da paz social fundaméntase en:**
 - a. Dignidade da persoa.
 - b. Dereitos universais da persoa.
 - c. Respecto á lei
 - d. a e c son correctas.
- 5. A actual constitucion:**
 - a. Nunca foi reformada.
 - b. Foi reformada en 1992.
 - c. Foi reformada en 2011.
 - d. b e c son correctas.
- 6. Para reformar a constitución é necesario:**
 - a. Maioría absoluta de Congreso e Senado.
 - b. Maioría de tres quintos de cada unha das cámaras.
 - c. Maioría simple do Congreso.
 - d. Ningunha é correcta.
- 7. As actuacións administrativas en Galicia, serán válidas e producirán os seus efectos sempre que:**
 - a. Sexan efectuadas en lingua galega.
 - b. Sexan efectuadas en calquera lingua comunitaria.
 - c. Sexan efectuadas en lingua Castelá ou Galega.
 - d. Sexan efectuadas en Galego as que se emitan na Xunta de Galicia.
- 8. Segundo a Lei de Normalización Linguística de Galicia na súa modificación do 4 de xullo de 1986:**
 - a. O Castelán non é lingua oficial de Galicia.
 - b. Galego e Castelán son linguas propias de Galicia.
 - c. Galego e Castelán son linguas oficiais en Galicia.
 - d. O Galego é oficial e o Castelán cooficial.
- 9. En relación á autonomía local, a lexislación das Autonomías e do Estado, deben asegurar aos municipios:**
 - a. A delegación de todas as competencias.
 - b. O dereito para intervir en cantos asuntos afecten directamente o círculo dos seus intereses.
 - c. Que non asuman competencias doutras administracións.
 - d. b e c son correctas.

- 10. Cal das seguintes entidades, non é unha entidade local territorial?**
- A illa nos arquipélagos balear e canario.
 - A mancomunidade de municipios.
 - A provincia.
 - O municipio.
- 11. As competencias dun municipio poden ser:**
- Propias ou por designación.
 - Mínimas por delegación.
 - Propias e delegadas do estado ou autonomía.
 - Ningunha é correcta.
- 12. O tratamento de residuos é un servizo que deben prestar:**
- Todos os municipios.
 - Os de mais de 1000 habitantes.
 - Os de mais de 5000 habitantes.
 - Os de mais de 10000 habitantes.
- 13. A vixilancia e control da contaminación ambiental**
- É competencia da administración autonómica.
 - É competencia da administración estatal.
 - Pode ser competencia delegada nun municipio.
 - Non pode ser delegada por ningunha administración.
- 14. Os actos administrativos ditados polas administracións públicas, que limiten dereitos ou intereses lexítimos:**
- Axustaranse ao solicitado polo interesado, para non prexudicarlle.
 - Comunicaranse según o solicitado polo interesado.
 - Serán motivados con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito.
 - Referiranse exclusivamente ao procedemento do que dependen os dereitos.
- 15. O efecto dos actos administrativos ditados polas administracións públicas:**
- Producirase desde a data en que se diten.
 - Non terá efecto ata pasado e prazo de alegacións establecido no procedemento.
 - Producirase desde o momento a súa notificación, publicación ou aprobación superior.
 - a e c son correctas.
- 16. Quen pode solicitar a nulidade dun acto administrativo, ditado por unha administración pública?**
- Os cidadáns de pleno dereito, que non estean de acordo con el.
 - Os cidadáns aos que non se lles notificou.
 - Aqueles que teñan a condición de interesados.
 - Ningunha é correcta.
- 17. A iniciación dun procedemento administrativo nas administracións públicas pode ser:**
- Só a instancia de parte
 - De oficio
 - A solicitude do interesado
 - Todas son correctas
- 18. Que actos administrativos son recurribles?:**
- As disposicións administrativas de carácter xeral.
 - As reclamacións económico-administrativas.
 - As resolucións e os actos de trámite que decidan o fondo do asunto.
 - As notificacións recibidas fora de prazo.
- 19. Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados:**
- Recurso perante o tribunal supremo.
 - Recurso de alzada e reposición.
 - Recurso contencioso administrativo.
 - Ningunha é correcta.
- 20. O recurso extraordinario de revision pode interpoñerse cando:**
- Nun acto firme, non haxa outra vía xurídica para presentar outro recurso.
 - Un acto firme en vía administrativa non foi impugnado na xurisdición contencioso-

- administrativa.
- c. Nun acto administrativo non haxa posibilidade de presentar o recuso potestativo de reposición.
- d. Un acto non poña fin á vía administrativa.
- 21. A sede electrónica dunha administración pública rexerese entre outros, polos principios de:**
- Igualdade de uso.
 - Racionalidade e economía de uso.
 - Neutralidade e interoperabilidade.
 - Garantía de anonimato.
- 22. Un portal da internet dunha administración pública é:**
- Unha web de información pública.
 - Unha fonte de datos, información e xestión administrativa.
 - Un punto de acceso electrónico a través de internet á sede electrónica.
 - Ningunha é correcta.
- 23. Os contratos de subministración do sector público permiten:**
- A adquisición de enerxía primaria.
 - A adquisición de propiedades incorpórais ou valores negociables.
 - O arrendamento financeiro con opción de compra de equipos informáticos e telecomunicacións.
 - a e b son correctas.
- 24. Un beneficiario de subvención pública, pode subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto de subvención?:**
- Non.
 - Si, a totalidade da actividade que constitúe o obxecto de subvención.
 - Si, pero só cando o contrato se celebre por escrito.
 - Si, a execución total ou parcial excepto os gastos propios do beneficiario para a realización por se mesmo da actividade subvencionada.
- 25. Os empregados públicos en relación ao desempeño das súas funcións, teñen o deber de:**
- Desempeñar de forma efectiva as tarefas propias da súa condición profesional, segundo o a progresión alcanzada na súa carreira.
 - Obedecer as instrucións e ordes profesionais dos superiores, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico.
 - Exercer os seus dereitos individuais e colectivos.
 - a e b son correctas.
- 26. O persoal eventual dunha administración pública**
- Pode realizar calquera tipo de función dentro da administración.
 - Só poderán realizar as funcións que determina a convocatoria da praza.
 - Só realiza funcións cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.
 - Só realizará as funcións encomendadas polo xefe de servizo responsable dese traballador.

Parte Específica

- 27. O decreto que aproba O plan director da Rede Natura 2000 de Galicia é:**
- DECRETO 37/2014, de 27 de marzo
 - DECRETO 37/2014, de 27 de maio
 - DECRETO 37/2015, de 27 de marzo
 - DECRETO 37/2014, de 26 de marzo
- 28. Os obxectivos xerais para a Rede Natura 2000 son:**
- a) Garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, ao tempo que se teñen en conta as exixencias económicas, sociais, culturais e rexionais, podendo en determinados casos requirir o mantemento, e mesmo o estímulo, de actividades humanas. b) Mantemento e, se é o caso, desenvolvemento dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres, como corredores fluviais, sistemas tradicionais de deslinde, ou as masas arboradas autóctonas, xa que resultan fundamentais na

migración, na distribución xeográfica e no intercambio xenético das especies silvestres. c) Asegurar a vixilancia e un seguimento periódico do estado de conservación dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de interese comunitario e das especies de aves mencionadas no artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e dos seus hábitats. d) Ampliar o coñecemento técnico e científico sobre todos os elementos obxecto de conservación e os seus condicionantes ecolóxicos, de forma que redunde nunha mellor xestión da Rede Natura 2000.

- b. a) Garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, ao tempo que se teñen en conta as exixencias económicas, sociais, culturais e rexionais, podendo en determinados casos requirir o mantemento, e mesmo o estímulo, de actividades humanas. b) Asegurar a vixilancia e un seguimento periódico do estado de conservación dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de interese comunitario e das especies de aves mencionadas no artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e dos seus hábitats. c) Ampliar o coñecemento técnico e científico sobre todos os elementos obxecto de conservación e os seus condicionantes ecolóxicos, de forma que redunde nunha mellor xestión da Rede Natura 2000.
- c. a) Garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, ao tempo que se teñen en conta as exixencias económicas, sociais, culturais e rexionais, podendo en determinados casos requirir o mantemento, e mesmo o estímulo, de actividades humanas. b) Mantemento e, se é o caso, desenvolvemento dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres, como corredores fluviais, sistemas tradicionais de deslinde, ou as masas arboradas autóctonas, xa que resultan fundamentais na migración, na distribución xeográfica e no intercambio xenético das especies silvestres. c) Asegurar a vixilancia e un seguimento periódico do estado de conservación dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de interese comunitario e das especies de aves mencionadas no artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e dos seus hábitats.
- d. a) Manter ou restablecer o estado de conservación favorable dos hábitats naturais e dos hábitats das especies de interese comunitario. b) Manter ou restablecer o estado de conservación favorable das especies de interese comunitario, así como das especies catalogadas, presentes nas ZEC. c) Protexer as especies do anexo IV e promover a conservación e o uso racional das especies do anexo V da Directiva 92/43/CEE, mediante a toma de medidas que garantan que a súa recollida na natureza ou a súa explotación son compatibles co mantemento destas nun estado de conservación favorable. d) Fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que xogan un papel esencial na conectividade e permeabilidade da biodiversidade, no marco das políticas de ordenación do territorio e de desenvolvemento e, especialmente, para mellorar a coherencia ecolóxica de Natura 2000. e) Informar a poboación implicada nos aproveitamentos do medio natural sobre o valor ecolóxico e os obxectivos de conservación das ZEC e as medidas para alcanzalos.

29. De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e tendo en conta as propias características do plan director Rede Natura 2000 de Galicia, os obxectivos de conservación para os espazos protexidos Red Natura 2000 de Galicia están clasificados en:

- a. a) área litoral, b) zonas húmidas c) corredores fluviais, e d) área de montaña.
- b. a) área litoral, b) zonas húmidas e corredores fluviais, e c) área de montaña.
- c. a) área litoral, b) zonas húmidas e c) área de montaña.
- d. a) área litoral, b) zonas húmidas e c) corredores fluviais.

30. Atendendo aos requirimentos do artigo 44 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, a información sobre os límites xeográficos das ZEC de Galicia, se inclúen en:

- a. ANEXO I do *DECRETO 37/2014, de 27 de marzo*
 - b. ANEXO I da Lei 42/2007, de 13 de decembro
 - c. ANEXO II do *DECRETO 37/2014, de 27 de marzo*
 - d. ANEXO II da Lei 42/2007, de 13 de decembro
- 31. Que directiva/s conforman o eixe fundamental da política de conservación da biodiversidade da Unión Europea e constitúen o marco normativo da Rede Natura 2000 a nivel comunitario?**
- a. Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres
 - b. Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.
 - c. a e b
 - d. ningunha das anteriores
- 32. O Decreto 88/2007 do 19 de abril no seu artigo 5º establece como categorías de especies amenazadas**
- a. En perigo de extinción, Sensibles á alteración do seu hábitat, Vulnerables e De interese especial.
 - b. En perigo de extinción e Sensibles á alteración do seu hábitat.
 - c. En perigo de extinción e Vulnerables.
 - d. Soamente en perigo de extinción.
- 33. Como criterio para a catalogación das especies, subespecies ou poboacións no catálogo galego de especies amenazadas terase en conta**
- a. A situación de ameaza en que estas se encontran dentro do ámbito da súa área de distribución en Galicia non tendo en conta o contexto ibérico, se localmente existen circunstancias que atenúen a dita situación.
 - b. Exclusivamente a situación de ameaza en que estas se encontran dentro do ámbito da súa área de distribución en Galicia .
 - c. A situación de ameaza en que estas se encontran dentro do ámbito da súa área de distribución en Galicia e tendo en conta o contexto ibérico, con independencia de que localmente existan circunstancias que atenúen ou agraven a dita situación.
 - d. A situación de ameaza en que estas se encontran dentro do ámbito da súa área de distribución en Galicia e tendo en conta o contexto ibérico, se localmente existen circunstancias que agraven a dita situación.
- 34. O órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento en relación co desenvolvemento da Educación Ambiental en Galicia é**
- a. O Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA)
 - b. O centro de educación ambiental (CEA)
 - c. A consellería de medio ambiente
 - d. Ningún dos anteriores
- 35. Indica a frase falsa sobre as especies invasoras**
- a. É unha especie exótica ou alóctona
 - b. Se atopa fóra da súa área natural de distribución por causas humanas ou naturais, ben de maneira intencionada ou accidental.
 - c. Inclúe calquera parte das ditas especies (gametos, sementes, propágulos, ovos, esporas, etcétera) que teña capacidade para sobrevivir e perpetuarse no medio natural.
 - d. Supón un perigo para a diversidade biolóxica orixinal, é dicir, cando constitúe un factor que ameaza os ecosistemas orixinais e a supervivencia das especies autóctonas.
- 36. Á rede de alerta temperá de especies exóticas de Galicia deberá comunicarse**
- a. A aparición de novas especies exóticas no territorio galego,
 - b. Aparición de especies exóticas coñecidas para Galicia en lugares onde nunca se citaron anteriormente (primeiras citas)

- c. As especies exóticas invasoras.
 - d. a e b
- 37. A Comisión Estatal de Patrimonio Natural e Biodiversidade poderá acordar a suspensión do procedemento de catalogación dunha especie ou promover o descatalogo dunha especie previamente catalogada no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras.**
- a. Si, en casos excepcionais, por razóns imperiosas de interese público, incluídas as de carácter social e económico,
 - b. Non, este non é o órgano competente.
 - c. Si, sempre que sexa a petición dunha organización científica
 - d. Non, especies exóticas invasoras non poden saír do catálogo.
- 38. Segundo o artigo 31 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia existen as seguintes clases de inspección ambiental:**
- a. Previas ao outorgamento dunha autorización, en virtude de denuncia e as que poidan acordarse de oficio durante o funcionamento dunha actividade.
 - b. De ruidos, de contaminación atmosférica e de comprobación de permisos.
 - c. Realizadas por funcionarios do corpo de medio ambiente, por persoal de Tragsa e por persoal laboral de medio ambiente.
 - d. Todas as anteriores son certas.
- 39. As sancións en materia ambiental que supoñan a suspensión de actividades ou o peche de establecementos haberán de ser publicadas :**
- a. Na páxina web da Xunta de Galicia.
 - b. No Diario Oficial de Galicia e o Boletín Oficial do Estado, simultaneamente,.
 - c. No Diario Oficial de Galicia.
 - d. Na Base de Datos Nacional de Medio Ambiente.
- 40. Tendo en conta que a consellería con competencias en materia forestal definirá épocas de perigo de incendio alto, medio e baixo, que condicionarán a intensidade das medidas para adoptar para a defensa do territorio de Galicia, indica en cales desas épocas establecerá as datas correspondentes:**
- a. Nas de perigo alto e medio.
 - b. Nas de perigo alto.
 - c. Nas de perigo medio e baixo.
 - d. Nas de perigo alto, medio e baixo.
- 41. As zonas de alto risco de incendio serán declaradas por:**
- a. O Alcalde.
 - b. O Conselleiro de Urbanismo.
 - c. Ordenanza municipal.
 - d. Por orde da consellería con competencia en materia forestal.
- 42. Son Competencias das entidades locais en materia de incendios, entre outras:**
- a. Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.
 - b. Xestionar as redes primarias e secundarias de faixas de xestión da biomasa.
 - c. Xestionar todas as redes de faixas de xestión de biomasa.
 - d. Xestionar as redes terciarias de faixas de xestión de biomasa.
- 43. En cumprimento do disposto polo artigo 6 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, os concellos de Galicia deberán contar con:**
- a. Sonómetro debidamente calibrado.
 - b. Policías Locais coa formación adecuada para realizar medicións de rúidos.
 - c. Ordenanza municipal sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal.
 - d. Todas as anteriores son certas.
- 44. Son espazos naturais protexidos da Comunidade Autónoma de Galicia aqueles que sexan declarados como tales pola administración competente, ao concorrer nos mesmos algún dos requisitos seguintes:**
- a. Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou

- educativo.
- b. Conter solos urbanos segundo instrumento de planificación urbanística.
 - c. Animais singulares e autóctonos.
 - d. Non son certas ningunha das anteriores.
- 45. Os correspondentes instrumentos de planificación, dos espazos naturais protexidos, clasificarán os posibles usos e actividades a desenvolver no correspondente espazo en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a súa declaración:**
- a. Como permitidos, autorizables ou prohibidos.
 - b. Como permitidos, compatibles ou prohibidos.
 - c. Como globais, pormenorizados ou estándar.
 - d. Como dominantes, característicos ou pouco usuais.
- 46. Segundo o artigo 16 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia e o artigo 2 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, que regula a tenza de animais potencialmente perigosos en Galicia; entenderase por cans potencialmente perigosos, en concreto os pertencentes ás seguintes razas:**
- a. Bullmastif e mastín napolitano.
 - b. Bull terrier e dogo alemán.
 - c. Bulldog inglés e pit bull terrier.
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 47. A esterilización dos animais potencialmente perigosos, ademais de poder facerse a vontade das persoas propietarias, realizarase obrigatoriamente**
- a. Por laudo arbitral.
 - b. Por imperativo legal.
 - c. Por orde do superior xerárquico.
 - d. Por mandato ou resolución das autoridades administrativas ou xudiciais.
- 48. La licencia administrativa para la tenencia de animales potencialmente peligrosos, según la ordenanza municipal de Pontearas tendrá un período de validez de:**
- a. 8 años.
 - b. 6 años.
 - c. 5 años pudiendo renovarse por períodos sucesivos de igual duración.
 - d. 6 años pudiendo renovarse por períodos sucesivos de igual duración
- 49. A vixencia dos informes de capacidade física e de aptitude psicolóxica exixidos na Ordenanza municipal de animais potencialmente perigosos de Pontearas é**
- a. 2 anos.
 - b. 1 ano.
 - c. 3 anos.
 - d. 5 anos.
- 50. A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ten por obxecto:**
- a. Establecer normas encamiñadas á protección e mellora dos recursos naturais e á adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da xea da comunidade autónoma galega, á difusión dos seus valores, así como á súa preservación para as xeracións futuras.
 - b. Establecer normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á adecuada xestión dos espazos naturais e da flora da comunidade autónoma galega, á difusión dos seus valores, así como á súa preservación para as xeracións futuras.
 - c. Establecer normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da xea da comunidade autónoma galega, á difusión dos seus valores, así como á súa preservación para as xeracións futuras.
 - d. Establecer normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, así como á súa preservación para as xeracións futuras.
- 51. Cal dos seguintes códigos ZEC se corresponde coa Zona Especial de Conservación «Rio Tea»?:**
- a. ES1140006
 - b. GA1140006

- c. ES1140016
- d. GA1140016

52. A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia:

- a. Ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos. Para tal fin, esta lei impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan nela.
- b. Ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos.
- c. Ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible. Para tal fin, esta lei impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan nela.
- d. Ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos. Para tal fin, esta lei impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan nela.

53. Ademais das áreas de especial interese paisaxístico identificadas, caracterizadas e delimitadas nas fichas que inclúe o Catálogo das paisaxes de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 9.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, terán a consideración de áreas de especial interese paisaxístico, para os efectos dos artigos 9.3 e 12.3 da Lei 7/2008, as seguintes:

- a. a) Os espazos de interese paisaxístico delimitados polo Plan de ordenación do litoral de Galicia, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro (DOG do 23 de febreiro). b) Os ámbitos que, se for o caso, os plans xerais de ordenación municipal cuxa entrada en vigor se produza con posterioridade á do Catálogo das paisaxes clasifiquen como solo rústico de especial protección paisaxística, de conformidade co previsto no artigo 34.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, logo de informe favorable do organismo competente en materia de paisaxe. c) As paisaxes protexidas declaradas de conformidade co establecido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, e o artigo 35 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- b. a) Os espazos de interese paisaxístico delimitados polo Plan de ordenación do litoral de Galicia, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro (DOG do 23 de febreiro). b) Os ámbitos que, se for o caso, os plans xerais de ordenación municipal cuxa entrada en vigor se produza con posterioridade á do Catálogo das paisaxes clasifiquen como solo rústico de especial protección paisaxística, de conformidade co previsto no artigo 34.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, logo de informe favorable do organismo competente en materia de paisaxe. c) Os ámbitos que, se for o caso, delimiten os instrumentos de ordenación do territorio, de conformidade co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- c. a) Os espazos de interese paisaxístico delimitados polo Plan de ordenación do litoral de Galicia, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro (DOG do 23 de febreiro). b) As paisaxes protexidas declaradas de conformidade co establecido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, e o artigo 35 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. c) Os ámbitos que, se for o caso, delimiten os instrumentos de ordenación do territorio, de conformidade co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- d. a) Os espazos de interese paisaxístico delimitados polo Plan de ordenación do litoral de Galicia, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro (DOG do 23 de

febreiro). b) Os ámbitos que, se for o caso, os plans xerais de ordenación municipal cuxa entrada en vigor se produza con posterioridade á do Catálogo das paisaxes clasifiquen como solo rústico de especial protección paisaxística, de conformidade co previsto no artigo 34.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, logo de informe favorable do organismo competente en materia de paisaxe. c) As paisaxes protexidas declaradas de conformidade co establecido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, e o artigo 35 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. d) Os ámbitos que, se for o caso, delimiten os instrumentos de ordenación do territorio, de conformidade co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

54. Cales son principios inspiradores da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia?:

- a. a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, co apoio dos servizos dos ecosistemas para o benestar humano. b) a conservación e a restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as exixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais. c) a utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sustentable do patrimonio natural, en particular das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e mais para evitar a perda neta da biodiversidade. d) a conservación e a preservación da variedade, a singularidade e a beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe.
- b. a) A integración dos requisitos da conservación, do uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas políticas sectoriais, e en particular na toma de decisións no ámbito político, económico e social. b) a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística. c) a precaución nas intervencións que poidan afectar o patrimonio natural ou a biodiversidade. d) a garantía da información á cidadanía e a súa formación e concienciación sobre a importancia do patrimonio natural e da biodiversidade, así como a súa participación no deseño e na execución das políticas públicas dirixidas á consecución dos obxectivos establecidos por esta lei.
- c. a) A mellora do coñecemento científico como base da conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, en coordinación coas universidades galegas e coas demais institucións de investigación públicas ou privadas. b) a prevención dos problemas derivados do cambio climático, a mitigación e a adaptación a el e mais a loita contra os seus efectos adversos. c) a contribución dos procesos de mellora na sustentabilidade do desenvolvemento asociados aos espazos naturais ou seminaturais. d) a participación dos habitantes e das persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso dos territorios incluídos nos espazos naturais protexidos nas actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e da biodiversidade que se desenvolvan nos devanditos espazos e nos beneficios que deriven delas. e) o mantemento e a adaptación das poboacións de todas as especies de aves que viven normalmente en estado salvaxe nun nivel que corresponda en particular ás exixencias ecolóxicas, científicas e culturais, tendo en conta as exixencias económicas e recreativas.
- d. Todos os reflectidos nas anteriores.

55. Cal das seguintes respostas reflicte correctamente todas as categorías coas que se poden corresponder os instrumentos de ordenación e de xestión forestal elaborados para os montes do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia?:

- a. a) Proxecto de ordenación: instrumento de ordenación forestal que sintetiza a organización do aproveitamento sustentable dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, nun monte ou nun grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura que se debe aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas, co obxectivo de obter unha

organización estable dos distintos usos e servizos do monte. b) Documento compartido de xestión: instrumento de xestión forestal, de iniciativa privada para un conxunto de propietarios, onde ningunha superficie dunha mesma propiedade supere as 25 hectáreas en couto redondo, que debe incluír uns referentes de boas prácticas, unha planificación simple dos aproveitamentos dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, e modelos silvícolas para os principais tipos de masa, de obrigado cumprimento, para os terreos forestais adscritos a el. c) Referentes de boas prácticas e modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos: terán a condición de instrumentos de xestión forestal, para a xestión e o aproveitamento dos montes. Estarán baseados na análise das especies existentes e nas súas quendas de corta cando as ditas especies sexan arbóreas. Así mesmo, garantirán que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos montes. A súa estrutura, contido, forma de adhesión, comunicación á Administración forestal e consecuencias do seu incumprimento serán desenvolvidos mediante orde da consellería competente en materia de montes, e non lles serán de aplicación os artigos 80, 81 e 82 desta lei.

- b. a) Proxecto de ordenación: instrumento de ordenación forestal que sintetiza a organización do aproveitamento sustentable dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, nun monte ou nun grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura que se debe aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas, co obxectivo de obter unha organización estable dos distintos usos e servizos do monte. b) Documento simple de xestión: instrumento de xestión forestal que planifica as melloras e os aproveitamentos dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, garantindo unha xestión forestal sustentable da superficie dunha mesma propiedade, sen que ningún couto redondo supere as 25 hectáreas. c) Referentes de boas prácticas e modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos: terán a condición de instrumentos de xestión forestal, para a xestión e o aproveitamento dos montes. Estarán baseados na análise das especies existentes e nas súas quendas de corta cando as ditas especies sexan arbóreas. Así mesmo, garantirán que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos montes. A súa estrutura, contido, forma de adhesión, comunicación á Administración forestal e consecuencias do seu incumprimento serán desenvolvidos mediante orde da consellería competente en materia de montes, e non lles serán de aplicación os artigos 80, 81 e 82 desta lei.
- c. a) Proxecto de ordenación: instrumento de ordenación forestal que sintetiza a organización do aproveitamento sustentable dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, nun monte ou nun grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura que se debe aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas, co obxectivo de obter unha organización estable dos distintos usos e servizos do monte. b) Documento simple de xestión: instrumento de xestión forestal que planifica as melloras e os aproveitamentos dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, garantindo unha xestión forestal sustentable da superficie dunha mesma propiedade, sen que ningún couto redondo supere as 25 hectáreas. c) Documento compartido de xestión: instrumento de xestión forestal, de iniciativa privada para un conxunto de propietarios, onde ningunha superficie dunha mesma propiedade supere as 25 hectáreas en couto redondo, que debe incluír uns referentes de boas prácticas, unha planificación simple dos aproveitamentos dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, e modelos silvícolas para os principais tipos de masa, de obrigado cumprimento, para os terreos forestais adscritos a el. d) Referentes de boas prácticas e modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos: terán a condición de instrumentos de xestión forestal, para a xestión e o aproveitamento dos montes. Estarán baseados na análise das especies existentes e nas súas quendas de corta cando as ditas especies sexan arbóreas. Así mesmo, garantirán que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos

montes. A súa estrutura, contido, forma de adhesión, comunicación á Administración forestal e consecuencias do seu incumprimento serán desenvolvidos mediante orde da consellería competente en materia de montes, e non lles serán de aplicación os artigos 80, 81 e 82 desta lei.

- d. a) Proxecto de ordenación: instrumento de ordenación forestal que sintetiza a organización do aproveitamento sustentable dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, nun monte ou nun grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura que se debe aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas, co obxectivo de obter unha organización estable dos distintos usos e servizos do monte. b) Documento simple de xestión: instrumento de xestión forestal que planifica as melloras e os aproveitamentos dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, garantindo unha xestión forestal sustentable da superficie dunha mesma propiedade, sen que ningún couto redondo supere as 25 hectáreas. c) Documento compartido de xestión: instrumento de xestión forestal, de iniciativa privada para un conxunto de propietarios, onde ningunha superficie dunha mesma propiedade supere as 25 hectáreas en couto redondo, que debe incluír uns referentes de boas prácticas, unha planificación simple dos aproveitamentos dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, e modelos silvícolas para os principais tipos de masa, de obrigado cumprimento, para os terreos forestais adscritos a el.

56. Cal das seguintes respostas reflicte correctamente todos os supostos de incumprimento grave do instrumento de ordenación ou de xestión forestal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia?:

- a. a) Cando afecte o normal desenvolvemento do monte, sempre que non se xustificase e comunicase previamente á Administración forestal, para a súa aprobación. b) Cando supoña un aproveitamento abusivo ou sobreexplotación que degrade o solo ou produza perdas deste ou poña en perigo a viabilidade do monte, incluíndo a non rexeneración tras o aproveitamento. c) Cando implique incumprir os plans de aproveitamento ou a posterior rexeneración tras a súa realización.
- b. a) Cando afecte o normal desenvolvemento do monte, sempre que non se xustificase e comunicase previamente á Administración forestal, para a súa aprobación. b) Cando supoña un aproveitamento abusivo ou sobreexplotación que degrade o solo ou produza perdas deste ou poña en perigo a viabilidade do monte, incluíndo a non rexeneración tras o aproveitamento. Cando supoña o incumprimento das condicións impostas ás actuacións previstas no instrumento de ordenación ou de xestión forestal de conformidade cos informes emitidos con carácter previo á súa aprobación polos órganos ou organismos sectoriais competentes.
- c. a) Cando afecte o normal desenvolvemento do monte, sempre que non se xustificase e comunicase previamente á Administración forestal, para a súa aprobación. b) Cando implique incumprir os plans de aproveitamento ou a posterior rexeneración tras a súa realización. c) Cando supoña o incumprimento das condicións impostas ás actuacións previstas no instrumento de ordenación ou de xestión forestal de conformidade cos informes emitidos con carácter previo á súa aprobación polos órganos ou organismos sectoriais competentes.
- d. a) Cando afecte o normal desenvolvemento do monte, sempre que non se xustificase e comunicase previamente á Administración forestal, para a súa aprobación. b) Cando supoña un aproveitamento abusivo ou sobreexplotación que degrade o solo ou produza perdas deste ou poña en perigo a viabilidade do monte, incluíndo a non rexeneración tras o aproveitamento. c) Cando implique incumprir os plans de aproveitamento ou a posterior rexeneración tras a súa realización. d) Cando supoña o incumprimento das condicións impostas ás actuacións previstas no instrumento de ordenación ou de xestión forestal de conformidade cos informes emitidos con carácter previo á súa aprobación polos órganos ou organismos sectoriais competentes.